

Instalación dun servidor web "en local"

www.webardora.net

As últimas actualizacións nos dous navegadores máis usados (Firefox e Chrome) fixeron que, por supostas cuestións de seguridade, moitas páxinas web non se mostren correctamente cando se abren directamente nun equipo (en "local") mentres que se as devanditas páxinas son colocadas baixo un servidor web poden ser vistas correctamente, igual que se estivesen en calquera servidor en Internet. É por iso que, á hora de traballar con Ardora e realizar vistas previas, o máis conveniente é ter no noso ordenador instalado un servidor web.

No tutorial "**0. - IMPORTANTE: Vista previa**" na páxina web de axuda de Ardora en www.webardora.net ten outras posibles solucións para evitar este problema aínda que, se vai crear unha cantidade importante de contidos, o máis recomendable é a instalación deste servidor que, como verá, é moi sinxela.

Por outra banda, se entre os contidos que desenvolve se atopan as denominadas "páxinas en servidor" ou utiliza algún "control de usuarios" tanto en paquetes coma en espazos web, a instalación deste tipo de servidor é imprescindible.

Neste tutorial explicaremos as distintas opcións para facer isto en función do sistema operativo no que traballe (apartados A. - Windows, B.- Linux e C. - Mac). Para iso usaremos o servidor web máis estendido hoxe en día en Internet, Apache; xunto a el instálase a linguaxe PHP dado que en todos os sistemas operativos a súa instalación vén ligada a Apache e será de utilidade para as "páxinas en servidor" e os "controles de usuario".

A. - WINDOWS:

Dende a versión 9.1 o programa conta, para a versión de Windows, cun servidor web "interno" que, no momento de descargar o programa, está activado por defecto; polo que non necesitaría instalar este servidor, non obstante, se desexa empregar outro servidor "externo" pode seguir los pasos que a continuación se detallan.

En Internet existen diversos proxectos que nos facilitan moito a instalación deste servidor. Un deles é **AppServ** (<https://www.appserv.org/en/>) debido á súa facilidade de instalación así como de uso será o que comentemos neste tutorial.




Acudiremos entón á súa web para a descarga. <https://www.appserv.org/en/download/> No momento de preparación deste tutorial a versión que se podía descargar da web era a **9.3.0**, que como se indica instálase Apache 2.4.41 e PHP 7.3.10 e dúas aplicacións de bases de datos que para o noso labor non teñen importancia xa que Ardora non utiliza bases de datos.

Pulsando sobre "download" iremos á web Sourceforge.net, na que, despois de 5 segundos

permitiranos descargar o arquivo **appserv-x64-9.3.0** (é posible que segundo evolucione este proxecto estes números cambien).


Este arquivo de instalación é para versións de 64 bits de Windows. Se ten un equipo con Windows de 32 bits simplemente, na mesma páxina de descarga, en vez de pulsar en "download" pulse en "AppServ EOL Versions (2.5.x, 2.4.x)" dende a que pode descargar versións anteriores de AppServ (por exemplo, para Windows XP as máis recomendables son a 2.4.9 ou a 2.5.8, na mesma páxina ten enlaces para estas versións).

Faga dobre clic sobre o arquivo descargado, é probable que durante a instalación o cortalumes de Windows lle pida o seu permiso para "desbloquear" este servizo, se é así **permita "desbloquear"**.




A instalación é igual que a de calquera programa en Windows executamos o arquivo "exe" que acabamos de descargar e seguimos as indicacións, tras aceptar os acordos de licenza (GNU) somos preguntados pola carpeta na cal se instalará o servidor (por defecto c:\AppServ) se decide cambiar esta NON utilice nomes con acentos, espazos en branco ou acentos.


Fíxese no nome desta carpeta xa que posteriormente deberá de indicar esta carpeta no apartado de configuración de Ardora.



Ao pulsar en "next" aparecerá a seguinte pantalla na que deberá de indicar que aplicacións desexa instalar, como xa se comentou, para o que aquí nos ocupa, unicamente necesitamos o servidor web (Apache http Server) e a linguaxe PHP (PHP Hypertext Preprocessor). Non obstante pode instalar as outras dúas relativas á base de datos MySQL (MySQL Database, a propia base de datos e phpMyAdmin un editor de MySQL) xa que ocuparán moi pouco espazo no seu disco duro e permitiralle, por exemplo, instalarse no seu propio ordenador un Moodle, WordPress, Joomla, Drupal... para facer probas ou familiarizarse con estas plataformas.



A continuación aparecerán os datos relativos ao servidor web que se vai instalar "Apache", salvo que no seu equipo xa exista outro servidor deste estilo, o máis aconsellable é aceptar os datos que aparecen non modificándoos e pulsando en "next".




Para finalizar pediralle que indique o contrasinal para a base de datos (se indicou que a quería instar), despois de introducir o contrasinal dúas veces empezará o proceso de instalación.



Ao finalizar o proceso de instalación aparecerá esta ventá, deixe estas opcións marcadas, así cada vez que acenda o seu ordenador non terá que lanzar este servizo".

IMPORTANTE: Teña en conta que **non instalamos unha aplicación "ao uso"** (queremos dicir coas súas "ventás", "botóns"...), simplemente é un "servizo", "algo" que está a funcionar no noso ordenador para atender unha serie de solicitudes, neste caso de páxinas web) polo que as opcións que aparecen en Inicio-Programas-AppServ unicamente serven para "arrancar" ou "parar" este servizo.



Unha vez instalado o servidor no noso ordenador debemos de ir a Ardora e indicar "onde" se atopa este servidor. Para iso, dende o menú de utilidades, debemos de seleccionar "Configurar Ardora" **No centro da ventá debemos de seleccionar, dentro de "Ruta ao servidor local", a opción "External"; e pulsar neste apartado sobre o botón coa icona da carpeta abríndose. Aquí debemos de indicar a posición da carpeta www dentro da carpeta na cal foi instalado o servidor web.** Se non modificou os datos que o programa de instalación pon por defecto, a ruta debería de ser "c:\AppServ\www".

Para gardar este dato pulsamos, na esquina inferior dereita sobre o botón de aceptar. Dende este momento, todas as vistas previas de Ardora faranse a través do servidor web (ao abrir o navegador no seu URL pode observar que empeza como "http://localhost/...") co que o que observemos aquí será exactamente igual ao que obteremos cando coloquemos o noso contido en Internet.

En Internet pode atopar diversos proxectos que "fan o mesmo" que Appserv, con tan só buscar "wamp" verá varias opcións, unha delas, que pode ser interesante, é "UwAmp"

(<https://www.uwamp.com/en/>) o seu, principal atractivo é que, como Ardora, non necesita instalación polo que sería doadamente "transportable" con tan só copiar a súa carpeta.

B.- LINUX (Ubuntu 18.04)

Para empezar abrimos un terminal e actualizamos o índice dos paquetes locais mediante

```
sudo apt update
```

Instalamos o servidor Apache2:

```
sudo apt install apache2 -y
```

Instalamos PHP:


```
sudo apt install php7.2 -y
e o DOM:
sudo apt-get install php-dom
```

Agora instalaremos tamén un módulo que conecta o servidor Apache con PHP mediante:

```
sudo apt-get install libapache2-mod-php
```

Finalmente para poder usar o servidor con Ardora é conveniente activar tamén o módulo "userdir" para que todos os usuarios teñan unha carpeta onde aloxar páxinas e arquivos.

```
sudo a2enmod userdir
```



Agora é o momento de indicarlle a Ardora a ruta ao servidor local, abrimos Ardora e imos ao menú "Utilidades-Configurar Ardora".

No apartado de "Ruta ao servidor local", escollemos "External" e facemos clic para buscar a carpeta **/var/www/html** para introducila no campo. Salvo casos particulares, nos que deba de especificar un determinado porto para o servidor, non modifique o seguinte apartado (localhost).

Debería de quedar algo como o que mostra a imaxe.

Tan só nos falta reiniciar o equipo para activar o servidor ou facelo dende a terminal mediante:


```
service apache2 restart
```




Con isto xa debería de estar todo preparado para traballar con Ardora. Se queremos probar que o noso servidor está a funcionar abrimos un navegador e, na barra de enderezos, escribimos localhost, na nosa pantalla deberíamos de ver algo parecido ao que aparece á esquerda deste texto.

Opcionalmente se queremos executar as nosas actividades, paquetes ou calquera outro contido web, para ver se funcionan correctamente dende un servidor, debemos copialo na carpeta /var/www/html/ que é a carpeta raíz do servidor, pero como nós non somos os seus propietarios, imos ter problemas para colocar e executar cousas alí, así que o mellor será que nos fagamos donos dela para poder acceder a esta no futuro sen problemas. Accedemos ao administrador de arquivos como root (moito coidado co que facemos a partir de agora, pois podemos inutilizar todo o sistema), tecleamos no terminal:

```
sudo nautilus
```




Movémonos ata a carpeta var/www/html e facemos clic co botón dereito para seleccionar propiedades.




Despregamos as listas e facémonos donos dela elixindo o noso nome de usuario e permitindo que todo o mundo poida ler e escribir nela.

Ao usar o botón para cambiar os permisos, aparece unha ventá emerxente que configuraremos tal e como se mostra nesta imaxe.



Pulsando no botón "cambiar" xa está lista a carpeta para mover a ela calquera cousa dende a nosa conta de usuario sen atrancos.

Para finalizar, tamén podemos comprobar o funcionamento de PHP no noso servidor. Con "gedit" creamos un arquivo de texto co seguinte texto:




```
<?php
phpinfo()
?>
```

Gardándoo co nome info.php e situándoo na carpeta do servidor (en: var/www/html/) tan só debemos de abrir un navegador e escribir na súa barra de direccións "localhost/info.php", no navegador deberíamos ver algo parecido a esta imaxe.

C. - MAC

Unha das aplicacións que nos permite instalar Apache e PHP nun Mac é MAMP, acuda a <https://www.mamp.info/en/downloads/older-versions/> e elixa a versión de MAMP en función do macOS que teña o seu equipo. No noso caso, ao ter unha versión Mac OS X 10.6 descargaremos a versión MAMP & MAMP PRO 2.2 dende a que obteremos un arquivo zip, unha vez descargado





facemos dobre clic sobre el e obteremos o arquivo MAMP_2_2.pkg sobre o que faremos dobre clic para iniciar a instalación. Despois de pulsar en "continuar" para pasar polos apartados de "introducción", "léame" e "licenza" (aquí deberá de baixar a barra de desprazamento ata o fondo e aceptar o acordo de licenza) chegará á ventá de "selección de destino"; seleccione "Instalar para todos os usuarios deste ordenador" e pulse en seguinte.

Despois de chegar ao apartado de tipo de instalación pediranos o noso contrasinal para instalar o servidor. Unha vez introducida, ao pouco tempo, o programa xa está listo.

Agora debemos de configurar Ardora e MAMP para que todo funcione correctamente.




Primeiro imos a "Aplicacións", abrimos a carpeta MAMP e facemos clic sobre MAMP (icona elefante), unha ventá aparecerá (probablemente lle pida o seu contrasinal antes de abrirse).



Faga clic sobre o botón de preferencias e seleccione a pestana "Apache", logo marque todo o texto que aparece en "Document Root" e cópieo.



Seleccione agora a opción de "Portos" e pulse sobre **"Usar os portos por defecto de Apache e MySQL"** (no apartado Porto Apache cambiará o 8888 por un 80) e pulse en Ok. Introduza o seu contrasinal se se lle pide para poder actualizar este cambio.



Abra Ardora no menú utilidades - configurar Ardora, no apartado de "Ruta ao servidor local" escolla a opción de "External" e pegue o texto que acaba de copiar. Se agora fai unha vista previa con Ardora verá que, no apartado da URL do navegador, a dirección empieza por "localhost".



IMPORTANTE: Se todo foi ben, a partir deste momento o único que debe de ter en conta é que, se apagou o ordenador ou pechou MAMP (ou detido os servidores) antes de empezar a traballar con Ardora deberá de lanzar o servidor, é dicir, ir a Aplicacións, abrir a carpeta MAMP e executar MAMP (verá que o apartado de Servidor Apache e MySQL están en luz verde).

Licenza: Creative-Commons Reconocimiento-NoComercial-SinObraDerivada
<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/3.0/es/>

